






XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL



UNIÓN EUROPEA

**FONDO EUROPEO DE
DESARROLLO
REGIONAL**
"Unha maneira de facer Europa"

ÍNDICE

1.	CRITERIOS PARA A IDENTIFICACIÓN DO TRAZADO E TERRITORIO HISTÓRICO.....	6
1.1.	CRITERIOS PARA A DELIMITACIÓN DO TRAZADO	6
1.2.	CRITERIOS PARA A DELIMITACIÓN DO TERRITORIO HISTÓRICO	7
1.3.	DELIMITACIÓN GRÁFICA DO TRAZADO	8
1.4.	BASES CARTOGRÁFICAS.....	8
2.	ANTECEDENTES HISTÓRICOS	10
3.	DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DO TRAZADO.....	11
3.1.	DESCRICIÓN DA PROPOSTA	11
3.2.	XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA DO CAMIÑO	12
4.	ESTADO DE CONSERVACIÓN DO CAMIÑO	16
5.	DESCRICIÓN DO ÁMBITO	19
6.	ELEMENTOS PATRIMONIAIS VINCULADOS AO CAMIÑO DE SANTIAGO	20
7.	ANEXO FOTOGRÁFICO (2010-2013)	21
8.	ANEXO PLANOS	36



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL



**FONDO EUROPEO DE
DESARROLLO
REGIONAL**
"Únha maneira de facer Europa"

UNIÓN EUROPEA

1. CRITERIOS PARA A IDENTIFICACIÓN DO TRAZADO E TERRITORIO HISTÓRICO

1.1. CRITERIOS PARA A DELIMITACIÓN DO TRAZADO

Boa parte do itinerario coñecido como Camiño Inglés é coincidente cos Camiños Reais que comunican as cidades de A Coruña e Ferrol coa de Santiago de Compostela. A metodoloxía executada no proxecto de delimitación que conduce a este expediente ten en conta este feito, sendo a existencia de vestixios funcionais do Camiño Real o principal criterio para a delimitación do trazado.

Os criterios específicos de delimitación da traza principal do Camiño Inglés son:

- Recuperación das trazas conservadas do Camiño Real alí onde exista.
- Para dar continuidade ao camiño tradicional nos lugares onde este teña desaparecido buscouse unha traza funcional, capaz de asegurar o tránsito, que discorra por camiños públicos, que siga a mesma lóxica territorial dos camiños tradicionais e que, ademais, posúa os seguintes valores:
 - Valores patrimoniais de todo tipo.
 - Valores medioambientais, en estreita relación coa paisaxe cultural, pero que contemple tamén aspectos fisiográficos e de relevo.
 - Seguridade para o tránsito de peregrinos, nas súas diferentes modalidades.

Ademais da traza principal, a delimitación abarca trazados de vestixios históricos e trazados complementarios:

- Os trazados de vestixios históricos están compostos pola traza do Camiño Real desaparecida pero da que hai constancia documental, ou ben traza conservada pero non transitable ou non funcional.
- Os trazados complementarios son aqueles que, na mesma liña de tránsito da peregrinación, permiten o acceso a lugares significativos ou salvan pasos con difícil continuidade para o camiñante.

TRAZADO DO CAMIÑO



Comprende a delimitación realizada en virtude das consideracións anteriores. Será o Camiño Delimitado e polo tanto o que establece a Lei 3/1996. O seu percorrido será continuo dende os Concellos de Ferrol e A Coruña ata Santiago de Compostela.

TRAZADO DE VESTIXIOS HISTÓRICOS



Traza do Camiño Real desaparecida pero da que hai constancia documental, ou ben traza conservada pero non transitable ou non funcional.

TRAZADO COMPLEMENTARIO




Trazados que, na mesma liña de tránsito da peregrinación, permiten o acceso a lugares significativos ou salvan pasos con difícil continuidade para o camiñante.

1.2. CRITERIOS PARA A DELIMITACIÓN DO TERRITORIO HISTÓRICO

En xeral, a delimitación ten como referencia unha banda mínima a cada lado do camiño duns 100 metros, engloba as áreas de protección dos elementos patrimoniais próximos ao camiño e os núcleos de poboación polos que pasa o camiño ou que se atopan na súa contorna inmediata.

Diferéncianse tres ámbitos que argumentan a delimitación:

– Áreas rurais nas que se conserva a paisaxe cultural tradicional.



Imaxe da delimitación no Concello de Abegondo.

– Áreas rurais nas que a paisaxe cultural tradicional foi substituída por paisaxes de enxeñaría agraria. Atendendo a criterios de visibilidade e de elementos culturais e naturais próximo, inclúense as parcelas catastrais.



Imaxe da delimitación no Concello de Oroso.

- Áreas urbanas nas que o crecemento urbanístico borrou a paisaxe tradicional. En xeral, conforman o territorio as parcelas e espazos comúns públicos lindeiros co camiño.





Imaxe da delimitación no Concello de A Coruña.

1.3. DELIMITACIÓN GRÁFICA DO TRAZADO

A delimitación gráfica do trazado levouse a cabo tal e como se establece na Lei 3/1996. Segundo o establecido por esta, nos artigos 6 e 16, a delimitación do Camiño estará constituída pola plataforma por onde discorre, tendo que delimitarse unha zona lateral de protección do Camiño de tres metros a partir das arestas desta e unha zona de protección do contorno de trinta metros a partir da mesma aresta.

Naqueles casos nos que haxa que recuperar tramos do Camiño, e segundo o artigo 1, a anchura virá constituída por unha franxa de, polo menos, tres metros. Cando o Camiño discorra por pontes formará parte deste o terreo ocupado polos soportes da estrutura.



Imaxe da delimitación gráfica do trazado nos Concellos de Santiago de Compostela e Paderne.

1.4. BASES CARTOGRÁFICAS

As bases cartográficas constitúen un elemento imprescindible para a plasmación gráfica da delimitación que se pretende levar a cabo. Seguindo un criterio de homoxeneización da cartografía a empregar para todo o territorio obxecto de estudo empréganse dúas fontes de información: a cartografía 1/5.000 da Xunta e as extraccións a data de xuño de 2012 das bases catastrais dos Concellos obxecto de estudo.

Con estas bases cartográficas melloradas a escala de traballo empregada para a delimitación foi 1/2.000, se ben a escala xeral de representación empregada é 1/10.000.

De cara a identificar os trazados de carácter histórico empregouse a ortofoto correspondente ao voo e catastro do ano 1956 así como, entre outros, cartografía variada do século XVIII, o mapa eclesiástico de 1825, a Carta Xeométrica de Galicia de Domingo Fontán de 1845, o mapa do exército da provincia da Coruña de 1884 así como o itinerario militar do mesmo ano ou a serie cartográfica MTN 50.000 dos anos 1929 a 1949 do Instituto Xeográfico Nacional.

Para os traballos de delimitación empregáronse ademais as ortofotos máis recentes dispoñibles do ámbito obxecto de estudo. Para iso se ha contado co voo do PNOA correspondente ao ano 2008.

2. ANTECEDENTES HISTÓRICOS

O territorio do actual municipio de Oroso atesoura unha longa historia como punto de paso de importantes vías de comunicación. Xa estaba atravesado en época romana pola vía XX, que unía Bracara con Lucus pola costa. Deste devir histórico como lugar de paso, queda constancia na ponte Sigüeiro, construído no século XIII. Consta que Fernán Pérez de Andrade ordenou a construción dun dos seus arcos no século XIV. Así o afirma Antonio de la Iglesia na súa obra "O Idioma Galego" de 1886, na que describe unha pedra con esta inscrición: «Fernán Peres de Andrade acabou esta ponte». Esta ponte aparece constantemente na cartografía histórica dende 1611, con variacións no nome como P. Sigueyro.

O Padre Martin Sarmiento cita nas descrições das súas viaxes en 1745, os lugares de ponte Sigüeiro; freguesía de Santa María de Cixebre, referíndose á parroquia de Santa María de Deixebre.

Elisa Ferreira Priegue fai mención expresa a Oroso na súa relación de camiños que percorrían a terra de Montaos. Cita un documento de 1238 que sitúa a vila de Oroso " *inter caminum de Crunia et caminum de Superado* (Sobrado)". Explica Ferreira que Oroso, situado ao norte da ponte de Sigüeiro, pertencía entón á parroquia de San Miguel de Gándara e se encontra entre o camiño que vai á Coruña por Villalbarro e Poulo, e o que vai a Betanzos por San Miguel de Gándara, Villarromarís e Beán.

Vázquez Lacarra Uría describe na súa recompilación das peregrinacións a Santiago, editada en 1949, o percorrido realizado polos peregrinos. Menciona o paso por Oroso e Ponte Sigüeiro, sobre o río Tambre.

3. DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DO TRAZADO

3.1. DESCRICIÓN DA PROPOSTA

O trazado discorre por unha pista de terra que avanza por unha zona onde se alternan pequenos bosques mixtos con vexetación baixa. Un tramo recto entre piñeiros conduce a unha pista de concentración parceira con firme asfaltado. Xírase cara ao oeste por esta pista ata o primeiro desvío á esquerda, que leva a A Baxoia.

No ámbito predomina o terreo chaira composto por terreos agrícolas. Atravésase Baxoia, poboación composta por un conxunto disperso de edificacións de tipoloxía tradicional. A ruta xacobeá abandona Baxoia atravesando a estrada pola que se accede a este núcleo. Continuando por unha pista asfaltada sen cambiar de dirección, o trazado pasa baixo a autoestrada AP-9 para despois tomar un camiño que discorre en paralelo a esta. A chegada ao Lugar de O Agrelo supón o comezo do firme asfaltado. Tras pasar entre algúns terreos e edificacións rurais, vólvese tomar un camiño de terra que se desenvolve en paralelo á autoestrada.


En torno ao camiño xermolan arboredos de carballos e piñeiros. Xunto a un dos pasos que realizan as pistas de concentración parceira baixo a AP-9, sitúase a "Fonte da Santiña", no lugar por onde pasaba o vello Camiño Real. Continuando en paralelo á autoestrada, o peregrino pasa xunto ao núcleo de A Igrexa Vella. Sempre xunto á AP-9, o trazado chega a Vilabarro e o pavimento pasa a ser de asfalto. Deixando atrás esta poboación, o camiño volve ser con firme de terra ou herba. Aínda que mantén a traza contigua á autoestrada, o sendeiro discorre ocasionalmente entre vexetación e fileiras de árbores.

A ruta afástase da AP-9 a través dunha estrada que conduce a Oroso de Arriba. Este núcleo fórmalo unhas poucas casas situadas en torno á estrada, maioritariamente de construción tradicional. Deixando atrás Oroso de Arriba, a estrada continúa cara Oroso de Abaixo deixando o polígono industrial de Sigüeiro a man dereita. O Camiño conflúe na pista de concentración parceira que une Oroso de Abaixo co polígono industrial.

A pista pasa a converterse na avenida Compostela que dá acceso ao polígono e o trazado continúa totalmente recto pasando xunto a este. Coa vista dos primeiros edificios residenciais de Sigüeiro á fronte, a estrada xira cara ao oeste. Á esquerda aparece unha zona verde con bosque de ribeira en torno ao rego Cabeceiro. O trazado incorpórase a un sendeiro deste parque internándose nun agradable bosque de carballos novos. Crúzase o regato por unha ponte de pedra e continúa polos camiños terrosos do parque ata chegar á Praza de Isaac Díaz Pardo.

Xa en plena zona urbana de Sigüeiro, a ruta xacobeá pasa fronte á Casa do Concello de Oroso e xira pola rúa Río Lengüelle. Xira pola rúa do Tambre e pouco despois toma a rúa Camiño Real. Esta rúa de chan embaladoso mantén a traza do camiño que leva o seu nome. Entre edificios residenciais, a rúa do Camiño Real desemboca na travesía da N-550. Continuando por esta travesía en dirección a Compostela, remátase de atravesar a localidade de Sigüeiro. A saída desta poboación realízase pasando pola ponte sobre o río.

3.2. XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA DO CAMIÑO



Superposición do trazado de 1997 e trazados do Camiño, complementario e trazado con vestixios históricos Oroso. Elaboración propia

TRAZADO DO CAMIÑO



TRAZADO CON VESTIXIOS HISTÓRICOS



TRAZADO COMPLEMENTARIO




TRAZADO 1997



O trazado do Camiño que atravesa o Concello de Oroso presenta importantes variacións respecto ao do ano 1997. As grandes actuacións de concentración parceira levadas a cabo eliminaron unha parte considerable dos camiños tradicionais do Concello, se ben segue manténdose a microtoponimia deles así como evidencias físicas, aínda que bastante deterioradas, nalgúns zonas.

Así pois, fórmulase un cambio de trazado respecto ao do ano 1997 que afecta practicamente á totalidade do percorrido do Camiño no Concello de Oroso.


TRAMO ORDES-BAXOIA



O trazado descrito polo camiño de 1997 non obedece a ningún criterio recoñecible. Trátase dunha ruta totalmente intransitable, que non se apoia en ningún camiño, sendeiro nin estrada. Non hai constancia dun itinerario destas características en ningún documento cartográfico nin ortofoto e no lugar non se perciben restos físicos.

O trazado proposto inténzase en Oroso seguindo camiños tradicionais ata que as actuacións de concentración parceira o impiden, chegando a Baxoia tras varios cambios de dirección perpendiculares característicos de parceiros modificados. Marcáronse tamén tramos correspondentes co antigo Camiño Real ou Francés, nomenclatura que tamén recolle a microtoponimia do lugar.

TRAMO BOUZALONGAS – POLÍGONO INDUSTRIAL



Neste tramo segue manténdose tanto a toponimia de camiño Real como a de camiño Francés, empregada de xeito indistinto polos campesiños para referirse ao trazado do Camiño que se pretende definir. A construción da autoestrada AP-9 por un lado e as concentracións parceiras por outro impiden identificar o trazado dun modo físico na súa totalidade. Non obstante, aínda se conservan varios tramos de camiño tradicional bastante deteriorados naquelas zonas non traballadas despois de levarse a cabo a concentración.

O Camiño de 1997, unha vez pasado Bouzalongas chega ata Sigüeiro a través dunha longa pista de concentración parceira recta exenta de calquera tipo de elemento patrimonial, bastante deteriorada e cun tráfico de vehículos pesados importante. Ante a situación deste trazado e as evidencias do camiño tradicional

xogando co trazado da autoestrada, defínese como Camiño parte da vía de servizo da autoestrada que pasa por diante da Fonte da Santiña e vai unindo os núcleos de O Agrelo, A Igrexa Vella, Vilalbarro e Oroso. A existencia de pasos tanto inferiores como superiores na autoestrada, seguen mantendo relativamente permeable o paso cara aos tramos do Camiño Real, polo que se mantiveron como tramos de vestixios históricos ata á entrada ao núcleo de Sigüeiro.

TRAMO POLÍGONO INDUSTRIAL - SIGÜEIRO



Entre o polígono industrial de Sigüeiro e a saída cara ao Concello de Santiago de Compostela existe unha variación importante do trazado proposto respecto ao de 1997. Este último obvia o paso polo centro do núcleo e polo tanto o paso pola rúa Real. Ademais do trazado proposto que discorre pola Rúa Real definiuse un trazado de vestixios históricos correspondente co tramo de camiño desaparecido na actualidade.

4. ESTADO DE CONSERVACIÓN DO CAMIÑO

Ao longo do municipio de Oroso, o trazado utiliza nunha parte importante o camiño paralelo á autoestrada AP-9 situado no lateral este. Este camiño de firme de terra, ocasionalmente cuberto de herba, presenta un estado de conservación bastante irregular. Nalgúns tramos a superficie presenta un estado aceptable, mentres que noutros a falta de compactidade xera barro en épocas chuviosas e hai presenza de grava solta.

Os tramos que discorren por pistas de concentración parreira, atópanse ben pavimentados, polo que o seu estado de conservación é moi aceptable.

O último tramo da ruta xacobeá polo municipio de Oroso atravesa a zona urbana de Sigüeiro. Trátase dun percorrido por rúas, parques e prazas axeitadamente urbanizadas, polo que non hai dificultades para o tránsito dos peregrinos. A travesía da estrada N-550 pola poboación de Sigüeiro atópase regulada por semáforos, o que evita problemas de seguridade.

Para todos os tramos do Camiño recoñecidos no traballo se fai unha análise dos seus parámetros técnicos que os definen fisicamente. Deste estudo preséntase neste documento a información que resume o estado de conservación actual destes trazados, mediante o Índice de Calidade Percibida e o estado de conservación do pavimento. En ambos os dous casos defínese unha situación denominada “Cautela” para identificar aqueles tramos que na actualidade non poden ser transitados de forma cómoda pero que poden chegar a sê-lo con intervencións lixeiras, e tamén aqueles tramos que debido a diversos motivos son dificilmente recuperables a curto prazo e quedan como cautela arqueolóxica.


ÍNDICE DE CALIDADE PERCIBIDA DO CAMIÑO (ICC)



	Calidade do Camiño	Lonxitude [Km]	Lonxitude [% municipal]	Lonxitude [% Camiño]
	Moi mala	3.6	42.1%	2.5%
	Mala	2.7	31.3%	1.9%
	Media	1.2	14.2%	0.9%
	Boa	0.2	2.4%	0.1%
	Moi boa	0.5	5.7%	0.3%
	Excelente	0.4	4.3%	0.3%
	Total xeral	8.6	100.0%	6.1%

Indicador creado para representar de forma sintética a conservación e calidade global de cada treito de camiño, combinando o estado de pavimento, a adecuación do entorno, a paisaxe percibida, a visibilidade e o tipo de plataforma.

CONSERVACIÓN DO CAMIÑO



Conservación do Camiño		Lonxitude [Km]	Lonxitude [% municipal]	Lonxitude [% Camiño]
	Boa	6.6	76.3%	4.6%
	Regular	2.0	22.9%	1.4%
	Mala	0.1	0.8%	0.0%
Total xeral		8.6	100.0%	6.1%

Estado de conservación do pavimento e plataforma do Camiño de Santiago.

5. DESCRICIÓN DO ÁMBITO

O ámbito entra no concello de Oroso en dirección sur atravesando o municipio pola parte occidental. Caracterízase polos poucos núcleos que engloba e porque ambos límites discorren cinguíndose a pistas de concentración parcelaria. A largura do ámbito é homoxénea, reducíndose no centro urbano de Sigüeiro, que limita co veciño concello de Santiago.

As parroquias polas que discorre o Camiño son Santa María de Deixebre, San Martiño de Oroso e A Gándara. A delimitación do ámbito unicamente engloba os núcleos de Baxoia e Sigüeiro.

O borde polo oeste pasa pola contorna do núcleo rural de Baxoia antes de deixar á dereita o xacemento do Alto do Mouro e a aldea de Vilar de Arriba. Deseguido o límite aproveita varias pistas de concentración parcelaria deixando á dereita os núcleos dos Carballos, Oroso Pequeno e A Igrexa, apoiados na estrada N-550. Pasando pola contorna noreste Vilanova, o límite atravesa a autoestrada e se cingue ao límite do polígono industrial, para despois entrar neste e valerse da rúa que comunica coa estrada nacional dende onde entra no principal núcleo urbano do municipio, Sigüeiro. O límite pasa pola fachada leste das edificacións até atravesar cara a parte oeste do núcleo pasando polas traseiras dunhas edificacións instaladas ao pé do río Carboeiro. Tras cruzar a rúa do Portiño e deixar á dereita unha praza pública o camiño chega ao río Tambre, límite administrativo entre os concellos de Oroso e Santiago.

O límite leste entra no concello pola parroquia de Deixebre internándose unha zona boscosa até chegar a Bouzalonga, núcleo que atravesa, para despois, en dirección sur, adoptar durante máis de catro quilómetros, a traza da pista de concentración parcelaria máis próxima a autoestrada AP9. Ao alcanzar a contorna do polígono industrial, o borde recolle unha parcela do agro de Oroso de Abaixo e despois cínquese a outra pista paralela cara o leste e á beira do río Carboeiro. Abandona o curso fluvial para cinguirse ao límite do solo urbano e sube pola rúa do Deporte. Vira tomando a rúa do Campo, para despois subir de novo pola rúa Orense, cruzar a Avenida da Garabanxa e chegar ao río Tambre polo límite sueste do solo urbano.

6. ELEMENTOS PATRIMONIAIS VINCULADOS AO CAMIÑO DE SANTIAGO

ELEMENTOS PATRIMONIAIS DENTRO DO ÁMBITO

NOME	LUGAR	PARROQUIA	TIPOLOXÍA	UTM_X	UTM_Y
Fonte da Santiña	A Igrexa	Deixebre (Santa María)	Elementos etnográficos	547.469	4.762.123
Antiga Reitoral de Deixebre	A Igrexa	Deixebre (Santa María)	Arquitectura civil	547.565	4.762.031
Casa con hórreo na Igrexa	A Igrexa	Deixebre (Santa María)	Arquitectura civil	547.517	4.761.916
Corredoiro na Igrexa	A Igrexa	Deixebre (Santa María)	Varios	547.497	4.761.922
Casa en Vilarbarro	Vilarbarro	Oroso (San Martiño)	Arquitectura civil	547.148	4.761.426
Muíño na Ulloa	A Ulloa - Río Carboeiro	Oroso (San Martiño)	Elementos etnográficos	545.856	4.758.001
Ponte Ulloa	A Ulloa - Río Carboeiro	Oroso (San Martiño)	Arquitectura civil	545.762	4.758.043
Conxunto tradicional na Ulloa	A Ulloa	Oroso (San Martiño)	Arquitectura civil	545.817	4.758.262
Fonte en Sigüeiro	Sigüeiro	Oroso (San Martiño)	Elementos etnográficos	545.471	4.757.477
Casa na Praza da Foca	Praza da Foca, nº 4	Oroso (San Martiño)	Arquitectura civil	545.474	4.757.472
Barbería	Avenida Grabanxa, nº 6	Oroso (San Martiño)	Arquitectura civil	545.491	4.757.485
Casa restaurada na avenida Grabanxa	Avenida Grabanxa, nº 3	Oroso (San Martiño)	Arquitectura civil	545.517	4.757.496
Escultura ao peregrino	O Xuncal	Oroso (San Martiño)	Varios	545.680	4.757.736
Escultura ao muíño	Praza do Concello	Oroso (San Martiño)	Varios	545.609	4.757.722
Ponte Sigüeiro	Sigüeiro - Río Tambre	Oroso (San Martiño) - Barciela, A (Santo André)	Arquitectura civil	545.336	4.757.380
Igrexa de Sta. María de Deixebre	Deixebre	Deixebre	Elementos etnográficos	547.500	4.762.000
A Medorra	Vilar de Arriba.	Deixebre (Sta María).	Túmulo megalítico.	547.332	4.761.862
Castro de Bouzalonga.	Bouzalonga.	Deixebre (Sta María).	Castro/Asentamento fortificado.	548.350	4.763.580
Castro de Meixede.	Vilalbarro.	Oroso (San Martiño).	Castro/Asentamento fortificado.	546.925	4.760.563
Castro de Vilares.	Oroso Pequeno.	Oroso (San Martiño).	Castro/Asentamento fortificado.	546.355	4.759.312
A Santiña.	Deixebre.	Deixebre (Santa María).	Castro/Asentamento fortificado.	547.400	4.762.350

7. ANEXO FOTOGRÁFICO (2010-2013)



001



002



003



004



005



006



007



008



009



010



011



012



013



014



015



016



017



018



019



020



021



022



023



024



025



026



027



028



029



030



031



032



033



034



035



036



037



038



039



040



041



042



043



044



045



046



047



048



049



050



051




052



053



054



055



056



057



058



059



060



061



062



063



064



065



066



067



068



069



070



071



072



073



074



075



076



077



078



079



080



081



082



083



084



085



086



087



088



089



090




091



092



093



094



095



096



097



098



099



100



101



102



103



104



105



106



107




108



109



110



111



112



113



114



115



116



117



118



119



120



121



122



123



124



125



126



127



128



129



130



131



132



133



134



135



136



137



138



139



140



141



142



143



144



145



146



147



148



149



150



151



152



153



154



155



156



157



158



159



160



161



162



163



164



165



166



167



168



169



170



171



172



173



174



175



176



177



178



179



180



181



182



183



184



185



186



187



188



189



190



191



192

8. ANEXO PLANOS